



FACULTADE DE HUMANIDADES

TRABALLO DE FIN DE GRAO

CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSIÓN CULTURAL

A MÚSICA NA OBRA DE LOIS PEREIRO

Autor: Xoán Carlos García Souto

Titora: María Xesús Nogueira Pereira

Curso 2013-2014

ÍNDICE

1. Introducción, 2
2. Obxectivos, 4
3. Biografía e obra, 5
4. Principais influencias musicais na obra de Lois Pereiro, 9
 - 4.1. The Velvet Underground e Lou Reed, 9
 - 4.2. The Doors, 11
 - 4.3. Punk e afterpunk, 12
 - 4.4. Neil Young, 14
 - 4.5. José Zeca Afonso, 14
5. A música na obra de Lois Pereiro, 17
 - 5.1. A importancia da música na súa obra, 17
 - 5.2. Os espazos da música, 17
 - 5.3. O empréstamo de títulos, 19
 - 5.4. Os xogos intertextuais, 19
 - 5.5. Música e cotidianidade, 23
 - 5.6. Os diálogos, 25
 - 5.7. As lembranzas, 27
 - 5.8. As listaxes, 28
 - 5.9. O recital no Pub Moka, 29
6. Conclusión, 33
7. Bibliografía, 35
8. Apéndices, 37
 - 8.1. Listaxe de referencias musicais na súa obra, 37
 - 8.2. Temas que soaron no recital no pub Moka, 39
 - 8.3. Concertos ós que asistiu dos que temos constancia, 40
 - 8.4. Outras referencias, 40

No principio era a música, un eco intermitente; coma pensar nun tren que entra nunha estación sen chegar a deterse e nun retroceso de fotogramas escomenza de novo a súa aproximación; mais sendo cada vez menor o retroceso non chega nunca ó andén... Ou punk ferroviario a ritmo diesel, lús de gas, Earling Studios, pensións de contrabando, bloques de casas diesel, travesas negras de “norwegian wood”, e sempre nas túas mans o metal húmido dun viaxe a meia choiva, rock de vagón cisterna, droga dura. Sintirse en rock, sintirse en privilexio...

LOIS PEREIRO

1. Introducción

Fomos ficando sós o Mar o barco e mais nós

MANUEL ANTONIO

Quero ser como Manuel Antonio, escribir un libro e morrer novo

LOIS PEREIRO

A razón de facer un TFG sobre Lois Pereiro vén dada pola súa condición de poeta urbano, visceral, e cun ton *punkarra*¹. A obra do poeta monfortino afástase de certos tópicos e lugares comúns que ás veces fan que a nosa literatura xogue un papel algo afastado das inquedanzas dalgúns sectores da nosa sociedade, e parafraseando ó xenial Bardo de Avon, por momentos as nosas letras se asemellan a ese mal actor que se xacta e se axita un intre polo escenario e do cal non volvemos a saber.

Esta sensación é válida polo menos para os que sentimos a poesía como un ente vivo, como un ácido que corroe as entrañas ou como unha sorte de escudo defensivo contra a mediocridade imperante no noso mundo.

Así o entendía tamén Lois Pereiro, quen no ano 1995 afirmaba nunha entrevista: “Xa teño dito que o problema da literatura galega é que é unha literatura demasiado profesoral e iso impide que se entronque coa vida” (Romaní, 1997: 95-99).

Lois Pereiro camiñaba pola corda frouxa, tanto na súa vida como na súa poesía, a súa é unha desas voces radicais, inconformistas, suburbiais, ao xeito de Leopoldo María Panero, de Charles Bukowski, de Edgar Allan

¹ Velai a famosa frase dun filme de Nicholas Ray: “live fast, die young and you’ll keep a good-looking corpse”, cita que Lois reproduce en “Conversa ultramarina” e que sempre estivo asociada ó movemento punk; a iso debemos sumar a imaxe e a estética de Lois e o seu gusto por grupos como Sex Pistols, Joy Division, PIL (Public Image Limited), The Clash, Parálisis Permanente ou Nina Hagen.

Poe ou de Allen Ginsberg². Tampouco tiña a imaxe ou o perfil de poeta segundo o canon. Aquel home desgairado que andaba pola Praza Roxa á procura da calma das súas dores en forma de doses de heroína non podía selo, mais a realidade puido coa intolerancia dunha parte do *establishment* cultural galego. Iso non quita que, sendo Lois Pereiro un auténtico francotirador, unha voz senlleira, esteamos a falar do clásico que ten a literatura galega sen sabelo en palabras de Manuel Rivas (1993: 10).

Por último, cómpre dicir que este TFG non está feito dende a perspectiva da Musicoloxía nin da Teoría da Música ou da Literatura, senón que a relación coa música vén dada por mor do meu interese persoal por ambas.

² “Os poemas de Lois Pereiro son verdade, érao o seu fío de voz delgado, continuo e rebelde coma os pequenos regueiros que escoaban polas chabolas de Penamoa despois da borrasca. Son textos a sinalar a ruína, o esfragamento do social, do ético e do cultural, audible por fin desde un corpo roto que se sabe confortado polo único que lle queda, nin sequera o amor, senón a crónica dunha perda sen paliativos” (Cordal, 2013: 64).

2. Obxectivos

*Le debo una canción, una a la muerte,
Una a la muerte voraz que se comerá tanto
Le debo una canción en que hunda el diente
Y luego esparza con la explosión fuegos del canto*
SILVIO RODRÍGUEZ, “Testamento”

Este traballo intenta estudar as referencias musicais na obra do poeta monfortino e ver a importancia e o papel que a música, sobre todo o rock, desempeña na súa literatura, tanto na poesía como na prosa.

É necesario ter en conta que na obra de Lois Pereiro a música non é só citada, senón que moitas veces condiciona a súa escrita. Abriremos a fiestra cara á música que escoitaba, onde o facía e a relación entre a música e os textos do poeta, ademais do estudo neses mesmos textos da función da música.

Un dos obxectivos deste estudo é percorrer de xeito breve a vida do poeta facendo mención á súa obra e ós seus referentes literarios, musicais e cinéfilos. Outra das finalidades é facer unha recompilación exhaustiva de tódalas referencias musicais que amosa a súa obra, ademais de engadir algúns autores e títulos dos que gustaba.

Ademais, profundarase máis polo miúdo na pegada dalgúns artistas en concreto: The Velvet Underground e Lou Reed, The Doors, Neil Young e Zeca Afonso, así como dos xéneros punk e afterpunk, todos eles postos en relación con Lois Pereiro.

3. Biografía e obra

*...a vella Biblioteca Pública de Los
Angeles
moi probablemente evitou
que me convertera nun
suicida,
un ladrón
de bancos,
un tipo
que pega a súa muller,
un carnicero ou
un motorista da policía...*

CHARLES BUKOWSKI, “O incendio dun soño”

Lois Pereiro nace en Monforte no ano 1958. Tras estudar nos Escolapios e no Instituto continúa coa súa formación en Madrid, onde primeiro comeza Socioloxía e logo estuda varios idiomas (francés, inglés e alemán). Alí é un dos fundadores da revista *Loia*, xunto con outros galegos como Manuel Rivas, Antón Patiño, etc. É en *Loia* onde atopamos os seus primeiros poemas³.

Nesa época, mediados dos anos setenta, comezan os seus problemas de saúde por mor da intoxicación colectiva causada polo aceite de colza (aquele “bichito que si se cae de la mesa se mata” segundo dixera o ministro de sanidade da época)⁴.

³ A revista *Loia* fíxose en Madrid a finais dos anos setenta por un grupo de mozos galegos radicados na capital do estado. Esa pequena “aventura editorial que acabaría nos manuais de historia da literatura” (Martínez 2011:50) só publicou catro números, e nela participaron Lois Pereiro, Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Delfín Mariño, Lois Caeiro, Reimundo Patiño, Fermín Bouza e Antón Patiño entre outros.

⁴ O aceite de colza desnaturalizado foi o causante da maior intoxicación colectiva sucedida en España dende o fin do franquismo. Máis de 20.000 persoas quedaron afectadas, e delas morreron unhas 330. A causa foi a venda de aceite de uso industrial para o consumo humano que só se deu entre as capas máis baixas da sociedade, por mor de ser un produto moito máis barato. No caso de Lois Pereiro, o contaxio veu dado porque cando era estudante en Madrid, el e máis os seus compañeiros de piso mercábanlle o aceite ó distribuidor do butano.

Lois Pereiro regresa a Galiza, concretamente á Coruña, onde participa nas antoloxías *De amor e desamor*⁵ (1984-1985) e na revista *La Naval*⁶ (1985-1986). Até o ano 1992 non se publica o seu primeiro libro, *Poemas 1981-1991*. Logo o escritor sofre unha nova crise de saúde ó diagnosticárselle a sida en 1994, ano no que Lois Pereiro supera a súa adicción á heroína.

En 1995 escribe *Conversa ultramarina*, unha carta dirixida ó seu gran amor Piedad Cabo, que nese momento vivía en San Francisco, esta misiva non será publicada até o ano 2010. Entre 1992 e 1995 escribe *Poesía última de amor e enfermidade*; un ano despois, concretamente o día 24 de maio de 1996, Lois Pereiro falece na Coruña e é enterrado no Incio no cemiterio familiar. Inicia dese xeito a súa “viaxe cara ó Ártico, á procura do frío eterno”⁷. (Pereiro 2010: 28).

Posteriormente recompílanse os poemas publicados na revista *Loia* en *Poemas para unha loia*. Tamén se publica o ensaio “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”⁸ na revista *Luzes de Galiza*, na que ademais atopamos uns capítulos na súa novela inacabada *Náufragos do paradiso*.

Tras ser reivindicado por varios colectivos, en 2011 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas. Non podemos deixar de lado que o noso poeta naceu en Monforte, o primeiro lugar de Galiza onde a

⁵ *De amor e desamor* foi un colectivo poético xurdido na Coruña en 1984 e formado por varios poetas galegos como Lois Pereiro, Lino Braxe, Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, etc. Publicaron dous volumes colectivos en 1984 e en 1985 editados por Edicións do Castro. Non eran un colectivo no sentido clásico, soamente se uniron coa intención de publicar xuntos, mais non había afinidade xeracional ou temática.

⁶ *La Naval*: xorde na Coruña en 1985 dirixida por Suso Iglesias como unha sorte de contestación á revista viguesa *Tintimán*. Nela participaban entre outros Lois Pereiro, PGBllas, Santiago Romero, etc.

⁷ O poeta cita en *Conversa ultramarina* as seguintes palabras de Raymond Carver, tomadas do seu poema “Migración”: “De ahora en adelante no parará. / Viaja día y noche sin cesar. Hasta que llegue a un sitio que sólo él conoce. / Un lugar del Ártico, frío y gélido / Donde piensa: esto será lo bastante lejos. Éste es el sitio. Y se tumba porque está cansado” (Pereiro, 2010: 26).

⁸ O poeta e xornalista Daniel Salgado escribe en “Lois Pereiro e os demais”: “A posición políticamente emancipadora da «Modesta proposición» cadra a Bakunin, Trostky e Castelao cun aforismo: «A verdadeira poesía nunca minte»” (Salgado, 2011: 6).

sida deixou un cadáver. Nese sentido pódese ver que hai certo paralelismo entre a súa vila (a Monforte chegou a decadencia coa crise e a reconversión industrial dos anos oitenta do século pasado) e Lois Pereiro (unha vida marcada polo envelenamento da colza, a heroína e a sida).

Tamén convén subliñar que Lois Pereiro foi un viaxeiro pertinaz: Ámsterdam, Edimburgo, París, Berlín, Praga e Viena son algunhas das cidades que visitou, moitas veces á procura dos lugares onde moitos dos seus autores favoritos viviran e escribiran.

Polo que atinxe á súa obra, esta ten unhas claves moi persoais e senlleiras e por varias razóns sitúase na liminalidade artística e social⁹: O poeta ten unha ollada clara cara á literatura centroeuropea, amosa o seu gusto pola música e o cine, e escribe de xeito inquietante sobre as súas vivencias arredor do amor por unha banda, da droga e da marxinalidade por outra, e tamén da enfermidade.

Son textos enchidos de sangue e de esperma, de desolación, de soidade. Tanto a súa prosa como a súa lírica están esculpados sobre a autenticidade e a procura dun espazo propio e senlleiro na nosa literatura: “vida a tumba aberta, que se chamaba... somos unha Beat Generation á galega”¹⁰ (Janeiro, 1996: 3).

É de subliñar que Lois Pereiro escribiu a súa obra nos anos oitenta e noventa do século pasado, nunha época de modernidade, aínda que quizais no seu caso sexa máis axeitado falar de postmodernidade. Os seus referentes literarios, como xa dixemos, xogan en clave centroeuropea e tamén anglosaxona: Thomas Bernhard, Paul Celan¹¹, R. M. Rilke,

⁹ Utilizo o concepto *liminal* no seu sentido de fronteirizo, pois realmente Lois Pereiro foi un poeta situado no límite, tanto na súa vida como na súa escrita. Na súa acepción antropolóxica o termo relaciónase coa postura antixerárquica e antiestrutural da sociedade.

¹⁰ A Beat Generation foi un movemento literario xurdido nos anos cincuenta do pasado século nos USA. Racharon cos valores dominantes desa época e propugnaron o uso das drogas e o sexo libre. Algúns dos seus representantes son: Allen Ginsberg, Jack Kerouak, William Burroughs, Gregory Corso ou Neal Cassady.

¹¹ No suplemento *Lucas* do diario *El País*, Manuel Rivas relacionou a Lois Pereiro con Paul Celan nun artigo chamado “O rei de Galicia era punky”: “«Só mans verdadeiras

Raymond Carver, Ezra Pound, J. G. Ballard, Paul Valéry, etc., sen esquecer os galegos Ánxel Fole, Cunqueiro ou Castelao. No cine estamos a falar de Wim Wenders, David Lean ou Steve Dwoskin. E na música atopamos referencias tan dispares como The Velvet Undergrond, Neil Young, Leonard Cohen, The Doors, Joy Division, Sex Pistols, Pata Negra, Heredeiros da Crús, John Lee Hooker e algúns autores de música clásica.

Para rematar este epígrafe imos lembrar o contexto social no que se desenvolveu unha parte da vida de Lois Pereiro, por estar este relacionado coas súas vivencias e porque foi decisivo na súa escrita. Nos anos oitenta as vilas e cidades españolas viviron unha auténtica epidemia: a heroína chegou ás rúas e levou consigo unha boa parte dos soños de moitas mozas e mozos. Entre eles estaba Lois Pereiro. Ó respecto disto, no seu libro *Conversa ultramarina*, o poeta escribe estas letras despois dunha das súas visitas ó médico, reivindicando a dignidade para aquelas persoas que socialmente xa a perderan por culpa dos seus problemas co consumo de estupefacientes:

Ionquis avariados, no taller, nada máis. Non foron ata o fondo aínda; ou non poden seguir outro camiño, o que non é estrano nun mundo que xa ten decidido cal é a porcentaxe a marxinar. Voltarán unha e outra vez ata que non saian máis, e os teñan que sacar baixo dunha saba. Coma a todos nós. A vida non é eterna para ninguén. Erguede a cabeza, hostia! Non sodes máis culpables que outros que hai aí fóra levando BMWs. (Pereiro, 2010: 41)

Este feito tamén vén a conto porque dende algún sector se cuestionou a dedicatoria do Día das Letras Galegas ó poeta de Monforte por mor de ser unha figura controvertida, afastada do canon do poeta galego clásico e, por así dicilo, pouco vendible.

escriben poemas verdadeiros», dixo Paul Celan nunha carta para o editor dunha antoloxía titulada *O meu poema é o meu coitelo*” (Rivas, 2011: 3).

4. Principais influencias musicais na obra de Lois Pereiro

*Heroin, it's my wife and it's my life
Because a mainer to my vein
Leads to a center in my head
And then I'm better off than dead*
LOU REED, "Heroin"

Neste epígrafe están presentes tan só dalgúns dos músicos que Lois Pereiro escoitaba e que saen reflectidos na súa obra. A listaxe é certamente moi ampla, e este traballo non é quen de abranguelos todos, por iso imos a centrarnos nuns poucos artistas dos que sabemos con seguridade que eran parte da vida do noso poeta.

4.1. The Velvet Underground e Lou Reed

Unhas das referencias musicais que máis atopamos na obra de Lois Pereiro son Lou Reed e o seu antigo grupo The Velvet Underground. O grupo xurdiu na cidade de New York a mediados dos anos sesenta e sempre foron considerados un grupo de culto, sobre todo na España desa época. Tomaron o seu nome do título homónimo dun libro de Michael Leigh, que o irmán dun dos membros do conxunto atopara tirado na rúa. O seu *manager* era Andy Warhol, e os seus músicos máis coñecidos son Lou Reed e a cantante Nico.

Asemade, os neoiorquinos son unha influencia fundamental na vida de Lois Pereiro (a súa moza Piedad Cabo chegou a dicir que "a culpa de todo tívoo Lou Reed")¹². Non se pode negar que a Velvet é facilmente

¹² No *Boletín da Real Academia Galega*, no número monográfico dedicado ó poeta, nun artigo titulado "A culpa foi de Lou Reed", o escritor e xornalista Antón Lopo fai a seguinte reflexión: "Pereiro podería ser un dos personaxes de Lou Reed «que se nutría da contorna, como Warhol se nutría da cidade, sempre coa súa gravadora na man para captar unha explosión de xenialidade popular», pero pola contra Lou Reed nunca podería ser un personaxe de Pereiro: o seu material é el mesmo, ten a súa propia ontoloxía, e utilizar o outro «alén do outro literario» pareceríalle nuns casos unha obscenidade, e noutros unha dimensión demasiado abstracta para interesarlle. E é que Lois Pereiro lle pode botar as culpas a Lou Reed da súa estética, da súa pulsión rockeira, da súa arroutada punk ou da adicción á heroína, pero nada máis" (Lopo, 2013: 99).

identificable coa poesía, a estética e a vida de Lois Pereiro: a cor negra, esas letras entre decadentes e marxinais, a música por veces moi estridente, a heroína e outras drogas sempre presentes (cómpre lembrar que incluso chegaron a consumir heroína en pleno escenario), a súa actitude, etc. Todo iso hai que enmarcalo nunha época, as décadas dos 70 e dos 80, unha época de cambio e de desencanto na xuventude de todo o mundo occidental tras a morte inevitable do soño hippie. Lou Reed é tamén un dos músicos ós que Lois Pereiro foi ver nun dos seus concertos en Madrid.

A música de The Velvet Underground evoca ó New York máis *underground* de finais dos anos sesenta. escoitar temas como “Venus in furs” ou “All tomorrow’s parties” é como unha viaxe cara ó pasado, unha viaxe que nos leva a *The Factory*, o famoso estudo do artista neorquino Andy Warhol, punto de encontro para inconformistas como Mick Jagger, Bob Dylan, Truman Capote ou William Burroughs entre outros.

Temos algúns exemplos da influencia de Lou Reed e de The Velvet Underground no poeta de Lemos. En *Conversa ultramarina* escribe:

(E agora, en 1995, no Café do Museo soa Lou Reed, “New York”, e veñen os que latan clase no instituto, e algún que outro raro supervivinte, coma min). (Pereiro, 2010: 41)

Mentres Lois escribe isto, está a lembrar tempos pasados cos seus amigos e coñecidos *cascarilleiros* da cidade herculina. No mesmo diario fai referencia ó tema “Venus in furs” citando un dos seus versos:

Shiny, shiny, shiny boots of leather, shiny leather in the dark...
(From the ancient times living today, the Velvet Underground),
Sleeping, almost, the dreams, the dreams to come... (Pereiro, 2010: 85)

A separación do seu gran amor tamén se deixa sentir na prosa do autor monfortino. A despedida desta entrada de *Conversa ultramarina*, faina por medio da estrofa dunha canción de Lou Reed: “Good night ladies”:

...Lo cierto es que todo esto pretendía ser una carta, una plegaria por la ausencia de una persona amada, una conversación solitaria, y ahora creo que ya no soy capaz de separar mi escritura del mundo en que está escrita, ni ensordecen otras voces que resuenan en mi interior; sí, tal vez sea eso: otras voces, otros ámbitos. Lo único que

sé es que ya no me motiva (solamente) tu ausencia. O tu existencia.
¿Es bueno o es peor, qué crees tú? Ça m' est égal...Good nighth,
Lady, Lady, good nighth. (Pereiro, 2010: 94-95)

Estes son os títulos de temas presentes na obra de Lois Pereiro:

- “All tomorrow´s parties”, de *The Velvet Underground & Nico* (1967)
- “Venus in furs”, de *The Velvet Underground & Nico* (1967)
- “I´m waiting for the man”, de *The Velvet Underground & Nico* (1967)
- “Good night ladies”, de Lou Reed *Transformer* (1972)
- “Perfect day”, de Lou Reed *Transformer* (1972)
- “Ennui”, de Lou Reed *Sally can´t dance* (1974)
- *New York*, álbum de Lou Reed (1989)

4.2. The Doors

Cuantitativamente, The Doors non acadan moito espazo na obra de Lois Pereiro, pero cualitativamente si que tiveron a súa importancia. Os temas “Waiting for the sun”, do disco *Morrison Hotel* (1970), e “The end” do álbum *The Doors* (1967), aparecen en “Encontro con Piedad. Volta e retorno do sol. Eu amo, ti amas, il ama”.

Se existe un músico representativo da faceta máis libertaria e radical dos anos sesenta, ese é Jim Morrison. O líder de “The Doors”, coñecido polo alcume de *O Rei Lagarto*, foi un rebelde que a semellanza de Lois Pereiro, viviu sempre en coherencia cos seus principios.

Ó igual que o poeta monfortino, Jim Morrison pagou moi caro ese modo de vida perigoso, pois á idade de 27 anos abandonaba este mundo. A súa música, a súa poesía e a súa actitude sumaron para facer del un auténtico mito dos anos setenta do século pasado.

En “Encontro con Piedad. Volta e retorno do sol. Eu amo, ti amas, il ama”, poema publicado na revista *Loia*, que logo aparecería en *Poemas para unha loia*, Jim Morrison protagoniza uns versos:

...Eu amo, ti amas, il ama: Jim. Góstame a ollada homosexual.
Eu amo, doce Jim, ti eres se ela me adprende. A soavidade
dos bicos do doce Jim pola noite. A dozura dos bicos do
doce Jim pola noite. Noite, son as nove: esváíome
Jim, ¿será doce o teu cadavre?
Acoitélanme
Cambea... (Pereiro, 2011: 26-27)

Nese mesmo poema Morrison é interpelado por Lois Pereiro: “¿Quéresme?
¿Quéresme Jim?” (Pereiro, 2011: 27).

Tamén en 1996, nunha entrevista de Díaz e Albo, o poeta pon a The Doors
como exemplo do seu gusto pola música rock, unha das influencias que o
autor monfortino recoñece que tiveron máis peso na súa obra:

O rock é unha forma de cultura que marcou a miña vida. É lóxico
que se meta na túa vida, que teñas vivencias e actitudes relacionadas
coas letras do rock, Jim Morrison, por exemplo. Calquera persoa da
miña xeración está influída por todo iso. Como dicía Wim Wenders,
temos o subconsciente colonizado polo rock. (Díaz e Albo, 1996)

4.3. Punk e afterpunk

Na época dos anos setenta e comezos dos oitenta, o movemento punk
xorde como a contestación natural das mozas e mozos ó aburrimento social
e musical que imperaba naqueles anos. A xuventude occidental, farta de
grupos sinfónicos e sen actitude revolucionaria, volvía a súa ollada ós
grupos punk. O lema *do it yourself* estendíase polo imaxinario daqueles
mozos rebeldes e contestatarios. Xa falamos da relación do punk con Lois
Pereiro en canto a actitude, estética, etc. Con todo, debe quedar claro que
Lois Pereiro non era un punk, senón que bebía das súas fontes e gustaba da
súa música.

De toda a obra do escritor, o libro *Poemas 1981-1991* é o que máis
referencias musicais garda relacionadas con esta música, pois as catro que
aparecen nel están na órbita do punk ou do afterpunk. Dese poemario é a
composición “Verschwende deine Jugend”:

Será unha invasión máis

ó mercurio inconstante do pasado
afiados os coitelos da memoria
nun presente salvaxe que me instrúe
Chovendo pra ferir unicamente
esta noite industrial definitiva
de agullas líquidas en fero ataque unánime
espetando a súa acústica blindada
neste insonio ilegal
de etcéteras. (Pereiro, 2011: 58)

Outro bo exemplo de *Poemas 1981-1991* é “A fina pel dun virus”, do que se reproduce este fragmento:

Por tanto a vida esgállase en minutos
ó adiantarse a si mesma
un paso é indiferencia
e logo nada
A fina pel dun virus
cando o sangue é visible
a carne faise certa
en perfís que se perden
en canto pecho os ollos
e deixo espacio virxe para outro intento (Pereiro, 2011: 91)

Tamén sabemos que Lois Pereiro foi ós concertos de Killing Joke en Berlín e de The Clash en Madrid, e que escoitaba a The Cure, Nina Hagen ou Parálisis Permanente.

Por último, as referencias acerca do punk que atopamos na súa obra son:

-Sex Pistols: “Anarchy in UK”, do álbum *Never mind the bollocks* (1976)

-Joy Division: “Atrocity exhibition”, de *Closer* (1980)

-DAF: “Verschwende deine Jugend”, de *Gold und liebe* (1981)

-PIL (Public Image Limited): “Track 8”, de *Flowers of romance* (1981)

-PIL (Public Image Limited): “Fodderstompf”, de *First issue* (1978).

4.4. Neil Young

Se no apartado anterior falabamos de punk, agora tócalle a quenda ó folk-rock. Neil Young foi membro de Buffalo Springfield e de Crosby, Stills, Nash & Young, logo liderou Crazy Horse e até hoxe toca baixo o seu nome, Neil Young.

Sabemos que Lois Pereiro gozaba cos seus temas, aínda que a única mención concreta á música do guitarrista e cantante canadense é “Southern man” (*After the Gold Rush*, 1970) en *Conversa ultramarina*. Neil Young foi unha referencia clara nos anos sesenta e setenta para os amantes do *rock and roll*. Nese contexto tamén se relacionou coas drogas e o alcohol, aínda que no seu caso é a marihuana e non a heroína a substancia a ter en conta. De feito, este famoso derivado do opio foi o causante da morte dalgúns dos seus amigos: unha sobredose matou ó guitarrista de Crazy Horse e a un dos seus *roadies*¹³. A canción “The needle and the damage done” (*Harvest*, 1972) foi composta por mor dos problemas coa heroína de Danny Whitten (guitarrista de Crazy Horse).

En *Conversa ultramarina*, o noso poeta menciona dúas veces “Southern man”, o tema de 1970 no que Neil Young critica o racismo que sofre a poboación afroamericana no sur dos USA. Nunha ocasión escribe que paseando por Monforte escoita ó lonxe o solo de guitarra da canción, noutra laméntase de que se lle esgotan as pilas xusto no momento de escoitala durante a súa estada no hospital. A segunda mención é a seguinte:

E agora remátanse as pilas, cando ía escoitar “Southern Man” precisamente. Fuck off! Así son as cousas. Cando todo navega na vida con divina preguiza, calquera estupidez pode coa vida, co mundo, e coa preguiza divina. Amén. (Pereiro, 2010: 92)

4.5. José Zeca Afonso

José Zeca Afonso foi un cantautor e profesor portugués posicionado en contra da ditadura de Salazar, motivo polo que foi expulsado da docencia e

¹³ Os *roadies* son os técnicos que acompañan ós músicos nas xiras. Encárganse do escenario, do son, das luces e de calquera aspecto relacionado coa produción.

tivo que centrarse na súa carreira musical. Compuxo cancións como “Os vampiros” (*Baladas de Coimbra*, 1963) que se volveron símbolos do antifascismo portugués, aínda que o seu tema máis coñecido é “Grândola vila morena” (*Grândola vila morena*, 1973).

Este himno da *Revolução dos Cravos* foi o sinal escollido polo Movemento das Forzas Armadas para ser emitida en *Radio Renascença* no momento en que comezaba a revolución. Como curiosidade, a primeira vez que Zeca Afonso a tocou en directo foi en Compostela en maio de 1972, poucos meses despois de ser gravada.

A relación de Lois Pereiro co músico luso vén dada por varios motivos. En *Conversa ultramarina* lembra uns versos de “Maio maduro maio” (*Cantigas do maio*, 1971):

maio maduro maio,
quem te pintou?
quem te quebrou o encanto, nunca te amou.
rajava o sol já no sul
e uma falua vinha lá de Istambul . (Pereiro, 2010: 95)

Outra razón é que na escolma de temas que Lois Pereiro escolleu para acompañar ós seus poemas nun recital celebrado no Pub Moka da Coruña estaba “Tinha uma sala mal iluminada” (*Enquanto há força*, 1978). Nese recital celebrado no pub coruñés en xaneiro de 1996, poucos meses antes da súa morte, o monfortino recitou trece poemas mesturados con confidencias sobre a súa biografía e a súa obra¹⁴.

Desta canción de Zeca Afonso temos uns versos en *Conversa ultramarina*:

Agora esta voltando ao que era dantes.
Mas se há um camarada á túa espera
Não faltes ao encontro sè constante . (Pereiro, 2010: 25)

Por último, é relevante comentar que Lois Pereiro intentou visitar a José Zeca Afonso en Lisboa en 1984, aproveitando que o grupo no que tocaba o

¹⁴ No epígrafe 5.9. analizarase máis polo miúdo esa audición colectiva da súa poética.

seu irmán Xosé Manuel estaba na cidade lusa gravando un disco, pero *Zeca* estaba no hospital, doente dunha enfermidade neurodexenerativa, e o encontro non chegou a ter lugar.

5. A música na obra de Lois Pereiro

*vamos a andar
para llegar a la vida*

SILVIO RODRÍGUEZ, “Vamos a andar”

5.1. A importancia da música na súa obra

A importancia da música na vida e na obra de Lois Pereiro é moita. Na súa escrita as cancións non só son títulos de poemas, senón que tamén condicionan algúns deles e algunhas partes da súa narrativa. Respecto á súa vida, Lois Pereiro admitiu que a música rock a marcara. Dalgún xeito poesía e música retroalimentábanse en Lois Pereiro.

Se botamos unha ollada ó apéndice deste traballo, atopamos que o poeta monfortino escoitaba todo tipo de música, non só gozaba co punk ou o rock, tamén o facía coa música clásica (Wagner, Mozart), co flamenco (Camarón de la Isla, Lole y Manuel), co blues (John Lee Hooker, Billie Holliday) , coa música de cantautor (José Afonso, Leonard Cohen), co estilo minimalista e repetitivo de Brian Eno & Robert Fripp, coa música paquistaní de Nusrat Fateh Ali Khan ou co *krautrock* ou rock experimental alemán (Can, Kraftwerk).

Asemade, escoitaba música de varias épocas: da clásica (Anton Webern), dos cincuenta (Billie Holliday, John Lee Hooker), dos sesenta (Pink Floyd, The Beatles), dos setenta (Eric Clapton , Frank Zappa & The Mothers of Invention), dos oitenta (Killing Joke, Elvis Costello) e dos noventa (Sinnead O’Connor , Albert Pla).

5.2. Os espazos da música

Polo que atinxe ós lugares onde Lois Pereiro escoitaba a súa música preferida, sabemos con seguridade que frecuentaba, entre outros, os seguintes sitios: o bar Sésamo e a discoteca Xolda, ámbolos dous en Monforte; e o bar Borrazás, o pub Moka , a discoteca Playa Club, o bar Parrús, e o Café do Museo, todos eles na Coruña.

Na súa xuventude na cidade do Cabe, o poeta visitaba ás veces o mítico bar Sésamo, situado ó lado da ponte romana. Segundo Iago Martínez, autor dunha biografía sobre Lois Pereiro, o bar “acabaría por converterse en toda unha referencia para esa xeración” (Martínez, 2011: 42). No Sésamo, Lois Pereiro escoitaba discos de T-Rex, de The Rolling Stones, de David Bowie ou de The Velvet Underground, nunha época na que ese tipo de música non estaba ó alcance da maioría das mozas e mozos.

No seu libro *Conversa ultramarina* fai referencia a algúns dos locais que frecuentaba na cidade herculina. Nesta entrada do día 4 de abril dinos:

Penso estar no *Parrús*, cos red-skins-riazor-blues-beiristas. Facer barra e oír Blues. A ver se me chega algunha mosca e se pon a tiro do meu mal talante. A bilis que non espallo polo mundo adiante fica en min. (Pereiro, 2010: 33)

Tan só dous días despois, cita nese mesmo libro ó bar Borrazás da Coruña, onde Lois Pereiro escribiu algúns dos seus poemas:

Esta tarde no parece que me encuentre muy bien. Últimamente siento escalofríos. A veces, por horas; pero no sé si se deben al placer de estar solo, aunque me saluden con bromas los camareros del *Borrazás*, o al miedo que provoca en mí mi propia ausencia voluntaria del mundo que me sigue a mi lado como un perro... (¿Te fijas? Frase estilo Bernhard... Viva la coma y el punto y coma. Olvidemos el punto y aparte! Ejercicios de estilo). (Pereiro, 2010: 41)

Tamén no seu recital do pub Moka dixo o poeta que el escribía “en todos os cafés, en todos os lugares, en todas as libretas, nas servilletas dos bares...”, feito que corrobora que Lois Pereiro tamén facía poesía do cotián, do que pasaba nas rúas, en resumo, das súas vivencias.

Sabemos que Lois Pereiro foi a varios concertos: o de Killing Joke en Berlín; os de Frank Zappa & The Mothers of Invention, The Clash, Lou Reed, John Cage e Llm en Madrid; ou o de Heredeiros da Crús no Playa Club de A Coruña.

Vemos que Lois aproveitaba as súas viaxes por Europa e as súas estadias en Madrid ou na Coruña para gozar dalgúns dos seus músicos favoritos.

5.3. O empréstamo de títulos

Lois Pereiro utilizou na súa obra algúns títulos de cancións para nomear algúns dos seus poemas. A composición inicial do seu primeiro libro *Poemas 1981-1991* é “Atrocity exhibition”, título dunha canción de Joy Division do seu disco *Closer* (1980), título tomado á súa vez dun grupo de novelas do escritor J. G. Ballard. Tamén no número un da revista *Loia* atopamos “Alan’s psychedelic breakfast”, poesía co título dunha canción de Pink Floyd de *Atom Heart Mother* (1970).

Outro exemplo do uso das referencias musicais xogando un mero papel de títulos é “Verschwende deine Jugend” [‘Malgasta a túa xuventude’] en *Poemas 1981-1991*, onde o escritor se apropia do título dun tema do grupo alemán DAF do seu álbum *Gold und Liebe* (1981).

En “Atrocity exhibition” Lois Pereiro escribe estes versos:

Deixa un bico no espello
onde arde a miña sombra pola noite
e que podrezan xuntas
a imaxe da túa ausencia,
silueteada en roxo cos teus labres,
e o perfil violento do meu soño
que enxendra amor gris fume
un odio carmesín
e na lingua e nos dentes
sangue e semen. (Pereiro, 2011: 53)

Ás veces as referencias veñen en forma de citas ó comezo dos poemas, velaí este exemplo en “Gothic Thought”, de *Poemas para unha loia*:

Suite inglesa en Sol Menor de Bach / Songe creux de Satie. (Pereiro, 2011: 46)

5.4. Os xogos intertextuais

A intertextualidade e a interartisticidade son unha constante na escrita do poeta monfortino. Moitas veces se apropia de versos ou de citas de outros autores como parte dese xogo intertextual, enriquecendo desa forma a súa

propia obra. Exemplos de citas témolos en *Conversa ultramarina*. O diario rexistra o 16 de maio de 1995 esta entrada:

No Paradise, I'm waiting for the woman, 25 dollars in my hand...
(Pereiro, 2010: 99)

Lois Pereiro está parafraseando a letra feita por Lou Reed e mudándoa de sentido, porque el non agarda xa por ningún *camello*, só está a lembrar a chamada da noite anterior do seu gran amor, Piedad Cabo. Esta cita está relacionada coa canción de The Velvet Undergronud “I’m waiting for the man” (*The Velvet Underground & Nico*, 1967), e nela cóntase a espera dun drogadicto por algún traficante.

O mesmo acontece en “A fina pel dun virus”, onde unhas estrofas do tema “Track 8” de John Lydon (*The Flowers of Romance*, 1981) fan de encabezamento ó citado poema¹⁵. Outro exemplo do uso de letras musicais como citas no inicio dun texto témolo en “Explórote cos ollos”, de *Poesía última de amor e enfermidade*. Aquí o poeta monfortino escolle para comezar o seu poema unha estrofa dun tema de Lole y Manuel, “Tangos de la pimienta” (*Lole y Manuel*, 1977):

Cuando tú te vas / cuando tú te vas
te llevas mi sangre corriendo detrás. (Pereiro, 2011: 174)

Ademais, temos outro uso dunha referencia musical como cita en *Conversa ultramarina*, concretamente nunha entrada do día 11 de maio de 1995:

Saio ó fin do hospital. “Out of the blue and into the black”¹⁶. Na casa xa intento chamar a P., pero un tipo con voz de levar esmoquin dime que non está. Vale. (Pereiro, 2010: 93)

¹⁵ “...a bed in the corner / the suffering suffragette / such an obvious trap imagine that / a butterball turkey spread her body naked and silly...”.
“Track 8” de John Lydon (PIL).

¹⁶ A frase “Out of the blue and into the black” fai referencia a dous temas de Neil Young: “My My Hey Hey (out of the blue)” e “Hey Hey My My (into the black)”.

P fai referencia a Piedad Cabo, e Lois Pereiro deixa constancia aquí das dificultades para comunicarse con ela, quen está en San Francisco estudando inglés.

Na súa carta dirixida a Piedad, nunha entrada do 28 de abril, o poeta utiliza un verso dunha canción de Pata Negra, “Tengo que volar” (*Inspiración y locura*, 1990), para expresar o seu enfado por ter que ingresar de novo no hospital:

Nin con unha ala sola me dejan volar ya! Joder... ¹⁷(Pereiro, 2010: 74)

En “Encontro con Piedad. Volta e retorno do sol. Eu amo, ti amas, il ama” (*Poemas para unha loia*), o autor fala do sol utilizando unha coñecida estrofa dunha canción de The Doors, “Waiting for the sun” (*Morrison Hotel*, 1970), nunha sorte de asociación de ideas:

Deixounos o sol. É ceibe o sol, non é ceibe o sol. Rei Sol,
Solthermic, Oh waiting for the sun, waiting for the sun, waiting for
the sun... (Pereiro, 2011: 26)

Lois Pereiro escoitaba toda clase de música. Unha mostra diso atopámola na referencia ó *Lied* e a Mahler en “Análise hemática do amor” (*Poesía última de amor e enfermidade*). O *Lied* é unha canción lírica breve na órbita do Romanticismo xermánico. Lois escribe:

E podería facer un *Lied* amargo
adicado ós meus seres máis amados
modificando as miñas CD4
e baixando o nivel de protombina
deste corpo que aboia en endorfinas
sen xeringas ou fármacos
que as leven¹⁸. (Pereiro, 2011: 153)

¹⁷ O uso indistinto dos idiomas por parte de Lois Pereiro, ás veces mesturándoos, foi unha práctica habitual por parte do poeta: inglés, francés, alemán, castelán e galego formaban parte dun todo na súa escrita.

¹⁸ As CD4 son unhas moléculas presentes nalgúns células que son unha parte esencial do sistema inmunitario.

Observamos neste exemplo o claro contraste entre o concepto do *Lied* e os termos da linguaxe médica usados por Lois, os cales confiren ó poema unha dimensión de desacougo.

Seguindo coa música clásica, Lois escribiu un guión televisivo emitido pola TVG o 25 de xullo de 1988: *¿Que é Galicia?*, recollido en *Poemas 1981-1991*. É un abecedario no que por cada letra, o poeta de Lemos achega algunhas ideas relacionadas coa súa visión da nosa terra. Na letra W temos a seguinte entrada:

Whisky: noite urbana. ¿Galicia é Wagneriana, ou é máis ben un Wolfgang Amadeus enfermo de paisaxe, soñando con Sibelius? (Pereiro, 2011: 96)

É outro indicativo do gusto do poeta polos autores considerados clásicos, neste caso Wagner, Mozart e Sibelius.

O título da canción “All tomorrow`s parties” (*The Velvet Underground & Nico*, 1968) tamén é utilizada en *Conversa ultramarina*, aínda que traducido ó castelán. Nunha pasaxe do diario, temos estas palabras referidas a un dos seus acompañantes na habitación do hospital coruñés onde o poeta está ingresado por mor dos seus problemas de saúde:

La habitación a la que nos pasaron la última noche para dejar sitio a un viejo moribundo está habitada por un zombie que parece vivir por decreto divino exclusivamente. *Todas las fiestas del mañana* quedan demasiado lejanas para él desde hace tiempo, incluso desde mucho antes de ingresar aquí... (Pereiro, 2010: 88; a cursiva é miña)

En *Poemas 1981-1991* temos outro exemplo da relación de Lois Pereiro coa música rock. Trátase de “Narcisismo”, título do poema musicado por Radio Océano, o grupo no que militaba o seu irmán Xosé Manuel:

Sigo os pasos do sangue no meu corpo
e coa unlla do meu dedo máis firme
abro un sulco vermello en media lúa
na vea que me acolle tan azul. (Pereiro, 2011: 63)

A protobombina é unha proteína do plasma sanguíneo, e forma parte do proceso de coagulación.

Non só Radio Océano lle puxo música ás palabras de Lois Pereiro. Outros artistas como Manu Clavijo, O Leo e Arremecághona, Ondas Martenot ou Fanny & Alexander fixeron o propio: de feito, xunto con Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez, Lois Pereiro é o escritor galego máis musicado.

5.5. Música e cotidianidade

Na relación establecida entre a música que Pereiro escoitaba e os seus textos, poéticos ou non, o escritor monfortino utiliza imaxes musicais e as insire nos seus actos cotiáns. Son momentos nos que a música semella incorporarse ós textos sen unha relación lóxica clara, como se de ecos, pautas ou imaxes se tratase. Observamos que en *Conversa ultramarina*, libro en prosa a modo de diario e de epístola dirixida a Piedad Cabo, diario íntimo e autobiográfico, pero cunha posible dimensión pública por mor de ser un texto susceptible de ser publicado como así o foi, o poeta escribe sobre a súa afinidade cunha amiga, e remata a entrada con estas palabras:

É algo interior, intenso e brillante, coma un solo de violín de Bach.
(Pereiro, 2010: 24)

Noutro momento do diario escribe:

Música...(Nada, Zeca Afonso, Pata Negra e Nada. Penso, non sei por que, en Simone e Jean-Paul) “Agora está voltando ao que era dantes. / Mas se hà um camarada á túa espera / Não faltes ao encontro sê constante... (“Tinha uma sala mal iluminada”, J. Afonso). (Pereiro, 2010: 25)

Vemos neste exemplo como o poeta semella facer unha secuencia: primeiro non percibe nada, logo escoita a José Afonso, despois a Pata Negra e de novo non volve a escoitar nada. Tras lembrar a Simone de Beauvoir e a Jean Paul Sartre remata cunhas estrofas do tema de José Afonso “Tinha uma sala mal iluminada”.

Tamén en *Conversa ultramarina*, Lois reflexiona sobre a súa vida, usando para iso unha frase do tema “Coge el tren”¹⁹, do grupo de rock Mermelada:

E tampouco penso deixar que o tren das 3 e 10 me calme o cerebro, falando de Blues célebres, porque o mundo aínda mantén abertas portas con camiños inéditos que me atraen... (Pereiro, 2010: 44)

No rock español de finais dos anos setenta, o tren usábase como unha metáfora da liberdade, e Lois Pereiro deixa constancia unha vez máis do seu gusto pola música blues. Vemos tamén a relación do ferrocarril coa cidade de Monforte, pois o tren é unha parte fundamental da vida da cidade, e fainos lembrar algunhas fotografías do autor de Lemos diante das vías do tren, fotos feitas cun evidente sentido metafórico: as vías lévannos cara a outros espazos, a outras cidades ou a outros países.

Sendo un poeta, atípico pero poeta, Lois Pereiro tamén se queixa dalgún xeito dese feito, non pola escrita en si, senón polos compromisos que isto leva consigo. De novo no seu diario-carta *Conversa ultramarina* fai unha nova mención á música blues:

O caso é que máis tarde teño que ver a Lourdes polo do recital poético do día 5, e non teño ganas dese tipo de afectos ou defectos culturais. Preferiría oír Blues nun garito calquera. Fucking Poetry! Voulle levar os últimos poemas, como me pediu. (Pereiro, 2010: 72)

Deixa neste texto o poeta espazo para a ironía: *fucking poetry*. Asemade, o feito de querer escoitar blues nun garito semella unha fuxida da realidade.

Dentro do aspecto cotián, algunhas referencias musicais na obra de Lois xogan un papel de anécdota ou testemuñal. Por exemplo, en *Conversa ultramarina* o poeta escribe sobre o concerto na Coruña do grupo galego Heredeiros da Crús:

No concerto de “Os Heredeiros da Crús” no Playa Club, agardo á miña irmá na barra; unha vez dentro, cúranme o catarro os decibelios bravos e a xente do Barbanza que se tira desde ó escenario ó público: todos de Boiro e Ribeira. Os do Barbanza! Non vía nada semellante

¹⁹ “ ...Coge las maletas / no pagues más letras / coge el tren / coge el tren / coge el tren de las tres y diez...”

desde Berlín nos anos oitenta, ¿lembras?... “María, o teu fillo fuma porros!”... (Pereiro, 2010: 71)

Neste caso, non é só un testemuño, tamén é unha reivindicación da xente do Barbanza e da música galega menos politicamente correcta, estou a falar do grupo Herdeiros da Crús, coñecido polas súas letras irreverentes e provocativas. Neste exemplo, Lois toma emprestado o título da súa canción “(María) O teu fillo fuma porros” (*Está que te cajas!!*, 1996).

Temos outro testemuño en *Conversa ultramarina*. Lois está a pasar uns días en Alhama de Aragón cuns amigos, e alí escribe:

E mentres, Ana le á miña beira, as demais xogan ás cartas, e eu boto leña ó lume e poño música. Intento traducir a letra de Eric Clapton, “Tears in heaven”. Esa estrofa que tanto a Miri coma a min nos intriga tanto, e que non conseguimos descifrar. Chega a ser como un eco na miña mente. (“¿Que di aí, coño?! Falta xusto a palabra chave que abra a porta). (Pereiro, 2010: 52)

Este dato amósanos que, no tocante á música que lle gustaba, Lois non era un mero espectador pasivo. Intenta traducir a letra do tema de Eric Clapton, non en van estudara idiomas. Cómpre sinalar ademais a canción que quere traducir: “Tears in heaven”, un tema composto polo guitarrista británico trala morte do seu fillo de catro anos no ano 1991.

Neste mesmo libro Lois utiliza o título dun tema de Leonard Cohen, “Sisters of mercy” (*Wildflowers*, 1967) para nomear agarimosamente dese xeito ás súas amigas Ana e Patti:

Creo que me puse algo menos amarillo al verlas. Adoro a mis “sisters of mercy” cuando ríen, cuando sufren, cuando gritan, y cuando me abrazan con el cariño justo que ahora necesito yo (para variar, claro). (Pereiro, 2010: 76)

5.6. Os diálogos

Outro xeito no que a música aparece na obra do poeta monfortino é o diálogo. En *Conversa ultramarina* establece varios con John Lee Hooker, o

guitarrista e cantante de blues orixinario do sur dos USA, por exemplo este:

One bourbon, one scotch, one beer!”. I can’t, excuse me, John Lee...
(Pereiro, 2010: 30)

Fai referencia aquí a “One bourbon, one scotch, one beer” (*The Real Folk Blues*, 1966) unha versión do *bluesman* americano dun tema homónimo dos anos cincuenta. Lois Pereiro é consciente de que cos seus problemas co seu fígado (Lois chegou a autodenominarse *Fígadoman*) non é quen de beber un bourbon, un whisky escocés ou unha cervexa, e por iso se desculpa ante J. L. Hooker. Este diálogo continúa máis adiante:

Sí, también yo necesito un trago, John Lee, pero me jodo, y además no me apetece nada. Pero escribo como un alcohólico para llenarme de bilis hasta el culo, que siempre fue lo mío al fin y al cabo.
(Pereiro, 2010: 31-32)

De novo retoma a conversa con John Lee Hooker, facendo unha referencia máis ó bar Parrús:

No Parrús: “One bourbon, one scotch, one beer!” Que non podo, John Lee. ¿Outra vez?! “One beer, one bourbon, one scotch”... Xa mo dixeches onte. Vas levar, negro do demo... (Pereiro, 2010: 42)

Na escrita de Lois Pereiro tamén atopamos algún exemplo no que as referencias musicais, ademais de dialogar, xogan en clave reivindicativa nun segundo plano. Como unha especie de consigna atopamos en *Conversa ultramarina* estas palabras:

Si. ¿Por qué no? Vete hasta el fondo y comete un error, si es preciso hasta el fondo, para no repetirlo. Adelante! Me lo acaba de decir John Lee Hooker en un Blues. (Pereiro, 2010: 27)

Este pensamento está relacionado cunha frase de Henri Michaux que Lois Pereiro reproduce tamén en *Conversa ultramarina*, frase que asumida por el, nos amosa parte da súa postura existencial ante a vida:

Ve hasta el fondo de tus errores, por lo menos de algunos, para que puedas examinarlos bien. Si no, al detenerte a la mitad del camino, volverás siempre a repetir ciegamente el mismo género de errores a

lo largo de toda tu vida, cosa que algunos llamarán “destino”. Obliga al enemigo, que es tu estrutura, a desenmascararse. Si no has podido torcer tu destino, sólo habrás sido un apartamento alugado. (Pereiro, 2010: 50)

5.7. As lembranzas

Lois Pereiro tamén plasma na súa obra algúns dos seus recordos respecto da música. Na súa primeira viaxe por Europa, Lois visita Edimburgo, e como recolle Iago Martínez, na cidade escocesa o poeta ve os primeiros punks (Martínez, 2011: 58). Lois utiliza en “Edinburgh Edinburgh”, do libro *Poemas 1981-1991*, unha imaxe que reflicte este feito.:

Catro teenagers punks
xaspeaban mil cores metalizadas
co meu ollo animal cravado neles
“No future Anarchy & destroy me”. (Pereiro, 2011: 80)

Vemos neste texto unha clara referencia, xogando tamén un papel intertextual, ó grupo punk inglés Sex Pistols e á súa canción “Anarchy in UK” (*Never Mind the Bollocks, Here's the Sex Pistols*, 1976), un tema polémico que comeza deste xeito:

I'm an Anti-Christ
I'm an Anarchist
Don't know what I want
but I know how to get it.

Ademais lembra cancións concretas. En “Comedias e proverbios ou un conto moral”, do poemario *Poesía última de amor e enfermidade*, rememora tempos mellores a través dun tema de The Beatles: “Dear Prudence” (*The Beatles*, 1968). Nese poema Lois escribe o seguinte:

“Dear Prudence, dear Prudence...” Da habitación veciña, da que só me separaba unha longa parede, saía pola porta esa canción que me dicía tantas cousas hai vinte anos. Dear Prudence, si, dear Prudence salferindo de música e de palabras a mesta luz do sol vestido de luxo dominical. (Pereiro, 2011: 169)

A modo de curiosidade, esta canción de John Lennon fala de Prudence Farrow, irmá da actriz Mia Farrow. Prudence coincidiu cos Beatles nun curso de meditación na India, e na letra faise referencia a que a irmá da famosa actriz non saía da súa estancia durante o citado curso. Un fragmento da letra da canción di o seguinte:

Dear Prudence, won't you come out to play?
Dear Prudence, greet the brand new day
The sun is up, the sky is blue
It's beautiful and so are you
Dear Prudence, won't you come out to play?

Quizais poidamos establecer certa comparación entre a reclusión de Prudence e a que sufría Lois Pereiro, aínda que a do poeta era imposta por mor dos seus problemas de saúde. Vemos que Prudence está nunha habitación na canción de The Beatles, e Lois Pereiro está noutra na vida real.

5.8. As listaxes

Xa falamos que as referencias musicais na obra de Lois Pereiro atópanse tanto na prosa como no verso. No ensaio “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”, os nomes de Leonard Cohen e Lou Reed aparecen como parte dunha listaxe, non só de músicos, senón de todo tipo de referencias ou de influencias na súa vida, como se aprecia neste fragmento:

Todos fillos dun tempo maldito, de opio, absentia, alcohol e rabia contra o Tempo e a Moral burguesa, cobarde, aburrido e letal...
Leonard Cohen, Lou Reed, o Rock, Alicia en “Wonderland”, Art “dexenerada”, Expresionismo, comunismo surreal, os Clásicos, de Esquilo a Chejov, a Arte e a Vida, formando todo un vértigo experimental que me inundaba a alma pouco a pouco, e Shakespeare, Shakespeare, Shakespeare... (Pereiro, 1996: 14)

Tamén como parte dunha listaxe, vemos na letra *F* do seu guión televisivo *¿Que é Galicia?* unha referencia ó tema “All tomorrow’s parties” de The Velvet Underground ” (*The Velvet Underground & Nico*, 1968):

Fogar. Fantasía. Fábricas, Febre, e as Formas do Futuro, Figuras do pasado. O Fenómeno atmosférico da Felicidade, e *tódalas Festas do mañá...* (Pereiro, 2011: 96)

O título desta canción está presente en varios textos do poeta, e neste caso faino por medio da tradución ó galego para poder encadralo na letra “F”. Este tema tamén era un dos favoritos da súa moza Piedad Cabo.

5.9.O recital no Pub Moka

Para rematar este epígrafe imos falar dun feito transcendente na vida de Lois Pereiro: o recital que ofreceu para presentar *Poesía última de amor e enfermidade* no pub Moka da Coruña o día 31 de xaneiro de 1996, catro meses antes de falecer.

Dispuxo a ocasión como se fose a derradeira, pois o poeta era consciente da súa mala saúde. A introdución foi co poema “Puedo empezar”, de Josep María Fonollosa²⁰, gravado pola voz do humorista Eugenio, o mesmo poema co que comezaba o disco de Albert Pla *Supone Fonollosa* (1995), dedicado ó poeta catalán, do que reproducimos, por significativo, o seguinte fragmento:

Tengo ya preparadas las respuestas
para las entrevistas periodísticas
que me hagan en la prensa radio y tele.
Querrán saber que opino y como soy,
me mostraré ingenioso
y espontáneo²¹
(...)

Aínda que a lectura dos seus poemas era o principal, non esqueceu algúns dos seus temas favoritos: “Ennui”²² de Lou Reed (*Sally can’t dance*, 1974),

²⁰ Josep María Fonollosa foi un poeta barcelonés nacido en 1922 e finado en 1991. Descoñecido para o gran público, en 1990 publica *Ciudad del hombre: New York*, unha antoloxía de 97 poemas. Músicos como Joan Manuel Serrat e Albert Pla difundiron a súa obra en forma de cancións.

²¹ Tódalas citas deste recital son transcripcións miñas do rexistro sonoro gravado no pub Moka.

“Devoro” de Albert Pla (*Supone Fonollosa*, 1995), “Tinha uma sala mal iluminada” de Zeca Afonso (*Enquanto há força*, 1978) e “Innocent when you dream” de Tom Waits (*Frank’s wild years*, 1987).

No pub Moka Lois explicou o porqué deses versos, facendo ó público asistente cómplice dos feitos que sucedían entre as bambolinas da súa poesía. Así, afirmou que, sabendo que ía morrer, púxose a escribir poemas de amor, de amor á vida, ás persoas, á utopía de Chiapas ou a si mesmo. Falou dos seus principios políticos e dixo moverse entre as bandeiras negras e as vermellas, pero ó seu xeito, e para iso tomou emprestada unha frase de Octavio Paz:

La revolución que viene es la fiesta, el principio del principio que
regresa.

Tamén dixo que quería “beber dun grolo todo o que a vida nos ofrece”, e falou da morte como unha sorte de contrincante nunha partida de xadrez. Un dos poemas que Lois recitou é “Transmigración”, título dunha composición homónima de Josep María Fonollosa. Os versos de Fonollosa, soaron despois na voz de Roberto Iniesta (líder de Extremoduro), na mesma gravación coa que Albert Pla pechaba o seu disco *Supone Fonollosa*. Velaquí o poema do escritor catalán, toda unha declaración de intencións:

No a la transmigración en otra especie.
No a la post vida, ni en cielo ni en infierno.
No a que me absorba cualquier divinidad.
No a un más allá, ni aun siendo el paraíso
reservado a islamitas, con beldades
que un libro garantiza siempre vírgenes.
Porque esos son los juegos para ingenuos
en que mi agnosticismo nunca apuesta.
Mi envite es al no ser. A lo seguro.
Rechaza otro existir, tras consumida

²² “«Ennui», termo vencellado aos estados metafísicos –a autodefensa do individuo mediante a inacción–, utilizado tamén por Pereiro para cualificar o seu estado nos anos noventa” (Lopo, 2013: 99).

mi ración de este guiso indigerible.

Otra vez, no. Una vez ya es demasiado.

No recital fixo súas unhas palabras de Leopoldo María Panero²³: “apostei contra Deus tódalas inmensas noites a moeda infame de min mesmo”.

Reivindica a figura e a mensaxe desoutro “exiliado de si mesmo internado no manicomio de Mondragón... pero un poeta nunca deixa de ser un poeta, calado, en silencio, berrando, vivindo, destruíndo...”. O autor madrileño era, ó igual que Lois Pereiro, outra figura senlleira no panorama das letras españolas, tocado cun aura de malditismo: alcohol, drogas e autodestrución foron os seus sinais de identidade. No remate do recital e tralos agradecementos de rigor comezou a soar “Innocent when you dream” de Tom Waits (*Frank’s wild years*, 1987) como fondo da voz de Lois:

(...) e nada máis, este é o meu libro, i é un pouco, como diría
Goytisolo nun epigrama que escribiu, publicado hai pouco: es como
diez limones en un caramelo, como toda mi sangre metida en cuatro
gotas.

Precisamente de “Transmigración”, o poema de Lois Pereiro, son estes inspirados versos:

Esta enerxía xa non vai ter fin,
non foi creada nin será destruída.
Iría ocupando diferentes vidas,
transformándose en emocións alleas
tatuadas noutros corpos paralelos,
en simultáneas procesións
sen pausa.

²³ Leopoldo María Panero é un poeta madrileño nacido en 1948 e finado en 2014. Foi encadrado na Xeración dos Novísimos, aínda que el sempre rexeitou este feito. Dende finais dos anos oitenta viviu internado no psiquiátrico de Mondragón e logo, de xeito voluntario, na Unidade de Psiquiatría das Palmas de Gran Canaria até o seu pasamento. Pere Gimferrer, poeta e crítico, dixo ó respecto de Lois Pereiro e de Panero: “Yo, que he conocido y conozco a Leopoldo María Panero, sé que el control de la materia poética es mucho mayor, al menos en el momento de madurez, en el caso de Pereiro que en el caso de Leopoldo, con toda mi estima por la obra y por la personalidad, trágica en algunos sentidos, de Leopoldo” (Gimferrer, 2013: 83).

Nun cálido universo apaixonado
voume dosificando con usura,
ata que chegue a hora de voltar,
canso e feliz,
ó punto de partida. (Pereiro, 2011: 181)

Lido desde a nosa perspectiva, este poema estremece, pero se pensamos que Lois o estaba a recitar soamente catro meses antes da súa morte, e ademais sendo consciente da súa realidade, o estremecemento xa supera certos límites. Existe un rexistro sonoro da gravación do recital que constitúe un valioso documento, do que se dá o enlace na bibliografía.

6. Conclusión

*Cuspídeme enriba cando pasedes
Por diante do lugar no que eu repouse
Enviándome unha húmida mensaxe
De vida e de furia necesaria*
LOIS PEREIRO, “Poderíanos escoller como
epitafio”

Os estudosos da obra de Lois Pereiro e boa parte da crítica coinciden en recoñecer que é un dos nosos grandes poetas. A literatura galega non sería o mesmo sen el, como non o sería sen Curros, sen Blanco Amor ou sen Manuel Antonio. Polo que atinxe ó tema estudado, vemos que a música condiciona a súa escrita, velaí como algúns poemas toman o nome directamente de títulos de cancións e noutros a estrutura deriva deses fragmentos de textos musicais ou das súas variacións.

No epígrafe anterior puidemos comprobar como o poeta dialoga, cita, testemuña, reivindica ou lembra, eses son os xogos que relacionan tanto os seus poemas como a súa prosa coas referencias musicais que poboan a obra do poeta monfortino. É incuestionable a importancia da música no seu xeito de vida. Segundo María Xesús Nogueira “a imaxe de Lois Pereiro está polo tanto vinculada ao xeito de vida dunha xeración, reivindicada por el mesmo como unha xeración perdida, que viviu «unha época moi especial, a de chegar un pouco tarde a todo. Sexo, drogas, rock&roll misturado coa situación política que non deixaba de cambiar », e que constituíu unha caste de *Beat Generation* de noso”. (Nogueira, 2011: 14)

Unha das características máis salientables do gusto musical de Lois Pereiro é o seu eclecticismo, o poeta tiña realmente unha gran diversidade de referencias musicais. Dende o rock e o punk até chegar á música clásica ou ó blues, o poeta de Lemos gozaba con estilos moi diferentes entre si. Xa amosamos que na súa mocidade na cidade do Cabe tiña acceso, por mor dos seus amigos que estudaban no Reino Unido, a discos cos que outros mozos só podían soñar, pois cómpre non esquecer que na España de mediados dos anos setenta aínda estaban prohibidos moitos discos que non superaban a censura, tanto polas súas letras como polas cubertas.

A presenza da música na súa obra é moi importante, pois son infinidade as referencias coas que xoga nela. Tanto se apropia de títulos e de citas como fai encaixes ou diálogos intertextuais, pero sempre cunha mestría salientable. As reivindicacións e as consignas, os ecos e as lembranzas, todos son acollidos na obra de Lois Pereiro.

O certo é que facer este traballo académico foi fascinante. Achegarse á obra de Lois Pereiro e deixarse bambear pola súa escrita é como abrir unha pequena fiestra cara á vida, con tódalas súas máculas iso si, pero á vida ó fin e ó cabo. Tamén é salpicarse de Panero, de Bukowski, de Raymond Carver, de Baudelaire, de Manuel Antonio, de Ánxel Fole, etc., nomes imprescindibles das letras universais. Do mesmo xeito, foi un pracer somerxerse na escoita de The Velvet Underground, de José Zeca Afonso, de Neil Young e doutros moitos músicos que poñen esa nota de cor esencial nas nosas vidas. Tiven así a oportunidade de volver botar unha ollada cara á música e a actitude do movemento punk, corrente musical e estética que tanto influenciou a algúns dos que eramos mozos nos anos oitenta.

Como xa dixen no epígrafe número cinco, escoitalo recitando no pub Moka é abraiante, e pon de manifesto a intensidade vital dun poeta que sabe que non lle queda moito tempo de vida, pero que fai súas reflexións como esta:

¿E conseguiches o que querías desta vida?

Consequino

¿E que querías?

Considerarme amado, sentirme amado na terra.

Raymond Carver.

7. Bibliografía

- Bianciotto, Jordi (1997). *La censura en el Rock*. Valencia: La máscara.
- Cordal, Xabier (2013). “Lois Pereiro: a xeración sen rede”. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 372, pp. 63-67.
- Feijoo, Carrero e Palau (2004). *Guía esencial del Punk y la Nueva Ola*. Madrid: Rock Indiana.
- Fernández Serrano, Jacobo (2011). *Lois Pereiro. Breve encontro*. Vigo: Xerais.
- Gimferrer, Pere (2013). “Lois Pereiro. Un poeta europeo”. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 372, pp. 81-91.
- Herman, Gary (2006). *Rock and Roll Babilonia*. Barcelona: Ma Non Troppo.
- Janeiro, Darío (1996). “Lois Pereiro: ‘a poesía sálvame do meu espírito’”. *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, 25 de xaneiro, p. 3.
- Juliá, Ignacio (1997). *Geografía del Rock*. Valencia: La máscara.
- Lopo, Antón (2013). “A culpa foi de Lou Reed”. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 372, pp. 93-105.
- Martínez, Iago (2011). *Lois Pereiro. Vida e obra*. Vigo: Xerais.
- Nogueira, María Xesús (2011). *Dicionario Lois Pereiro*. A Coruña: Tresctres.
- Pereiro, Lois (1996). “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”. *Luzes de Galiza*, nº 27, pp. 14-18.
- Pereiro, Lois (2010). *Conversa ultramarina*. Compostela: Positivas.
- Pereiro, Lois (2011). *Poesía completa*. Vigo: Xerais.
- Pereiro, Xosé Manuel; Lino Braxe; Xurxo Souto (2010). *Lois Pereiro. Fotobiografía sonora*. Galiza: Ouvirmos.

Recital do Pub Moka. *Literalingua*.

<<http://www.blogoteca.com/literalingua/index.php?cod=100405>>
[última consulta 25/06/2014]

Rivas, Manuel (1993). “Tiras de piel. La poesía de un gallego contagiado de Thomas Bernhard”. *El País*, “Babelia”, 9 de xaneiro, p. 10.

Rivas, Manuel (2011). “O rei de Galicia era punky”. *El País*, “Luces”, 17 de maio, p. 3.

Romaní, Ana (1997). “Entrevista a Lois Pereiro sobre *Poesía última de amor e enfermidade*”. *Dorna*, nº 23, pp. 95-99.

Salgado, Daniel (2011). “Lois Pereiro e os demais”. *El País*, “Luces”, 17 de maio, p. 6.

Shapiro, Harry (2006). *Historia del Rock y las drogas*. Barcelona: Ma Non Troppo.

Valiño, Xavier (2008). *El gran circo del rock*. Madrid: T&B.

8. Apéndices

8.1. Listaxe de referencias musicais na súa obra

A continuación elabórase unha listaxe coas referencias musicais e as obras nas que saen:

Poemas para unha loia (1996)

- Pink Floyd: “Alan’s psichedelic breakfast”, en “Alan’s psichedelic breakfast”
- The Doors (Jim Morrison): “Waiting for the sun”, en “Encontro con Piedad. Volta e retorno do sol. Eu amo, ti amas, il ama”
- The Doors: “The end”, en “Encontro con Piedad. Volta e retorno do sol. Eu amo, ti amas, il ama”
- The Velvet Underground (Nico): en “Las mariposas son volvos”
- Bach: “Suite inglesa en Sol Menor”, en “Gothic Thought”
- Satie: “Songe creux”, en “Gothic Thought”

Poemas 1981-1991 (1992)

- Joy Division: “Atrocity exhibition”, en “Atrocity exhibition”
- DAF: “Verschwende deine Jugend”, en “Verschwende deine Jugend”
- John Lydon (PIL): “Track 8”, en “A fina pel dun virus”
- Sex Pistols: “Anarchy in UK”, en “Edinburgh Edinburgh”

Poesía última de amor e enfermidade (1995)

- Mahler: “Lied”, en “Análise hemática do amor”
- Christa Ludwig: “Lied”, en “Análise hemática do amor”
- The Beatles: “Dear Prudence”, en “Comedias e proverbios ou un conto moral”

-Lole y Manuel: “Tangos de la pimienta”, en “Explórote cos ollos”

Náufragos do paradiso (2011)

-PIL (Public Image Limited): “Fodderstompf”

Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia (1996)

-Leonard Cohen

-Lou Reed

Luzes de Galiza (1986)

-Wagner: en “Nostalxias siamesas”

¿Que é Galicia? (Guión televisivo. Emitido pola TVG o 25 de xullo de 1988)

-Wagner, Mozart e Sibelius

-The Velvet Underground: “All tomorrow’s parties”

Conversa ultramarina (2010)

-Mermelada: “Coge el tren”

-Sinnead O’Connor

-Herdeiros da Crus: “María, o teu fillo fuma porros”

-Nusrat Fateh Ali Khan

-The Velvet Underground: “Venus in furs”

-The Velvet Underground: “All tomorrow’s parties”

- Pata Negra: “Tengo que volar”
- Pata Negra: “Bulerías de Juan el Camas”
- Bach
- Debussy
- Ravel
- John Lee Hooker: “One bourbon, one scotch, one beer”
- Neil Young: “Southern man”
- Neil Young: “My My Hey Hey (out of the blue)”
- Neil Young: “Hey Hey My My (into the black)”
- Eric Clapton: “Tears in heaven”
- Lou Reed: *New York* (álbum)
- Lou Reed: “Good night ladies”
- Lou Reed: “I’m waiting for the man”
- Zeca Afonso e Madreus: “Maio maduro maio”
- Leonard Cohen: “Sisters of mercy”
- Leonard Cohen: “Suzanne”
- Leonard Cohen: “So long, Marianne”

8.2. Temas que soaron no recital no pub Moka (1996)

- Lou Reed: “Ennui”
- Albert Pla: “Devoro”
- Zeca Afonso: “Tinha uma sala mal iluminada”
- Tom Waits: “Innocent when you dream”

8.3. Concertos ós que asistiu dos que temos constancia

-Concerto en Berlin de Killing Joke

-Concerto no Playa Club de A Coruña de Heredeiros da Crus

-Concertos en Madrid:

Frank Zappa & The Mothers of Invention

The Clash

Lou Reed

John Cage

Llm

8.4. Outras referencias

-Escoitaba no Bar Sésamo e na Discoteca Xolda de Monforte a:

David Bowie

King Crimson

T-Rex

The Rolling Stones

The Velvet Underground

-Outros músicos cos que sabemos que gozaba:

Anton Webern

Billie Holliday

Jacques Brel

Crosby, Stills & Nash

Brian Eno & Robert Fripp

Elvis Costello

Patti Smith

Can

Tangerine Dream

Stockhausen

Penderecki

Llm

Popol Vuh

Kraftwerk

Devo

The Cure

The Smiths

Nina Hagen

Los Chichos

Los Chunguitos

Camarón

Las Grecas

Parálisis Permanente

Golpes Bajos